

PARTE III – A HERDEIRA DO REMUÍÑO

Carmen retrocedeu ata tocar a pedra coa man. Estaba fría, pero transmitía unha estraña seguridade. A sombra detívose. A néboa arredor axitou, e pouco a pouco aquela forma escura transformouse nunha figura humana máis clara: unha muller de longos cabelos, un vestido de seda adornado con tiras de tea que se movían como fíos de vaporosos e cuns ollos luminosos comparables co sol.

—Non te vou facer dano —dixo a muller cunha voz agora cálida e nítida—. Son unha vixía, unha das gardiás do Monte Pinto.

Carmen tivo que respirar fondo para poder falar.

—¿E por que me seguides? ¿Por que me chamastes?

A Vixía sorriu coa suavidade dunha nube.

—Porque o monte chama a quen comparte o seu sinal. —Sinalou o remuíño da pedra—. O mesmo que ti debuxas dende nena. Non é casualidade: é a marca do poder que herdaches.

—¿Poder? —Carmen case riu, nerviosa—. Eu non teño nada especial é un simple tic.

A figura achegouse un pouco.

—Ti es a próxima Herdeira do Remuíño. Cando os montes se modifican e a terra esixe unha volta ao equilibrio de tempos atrás, nace unha nena ou un neno con ese sinal. Ti es quen pode restaurar a calma do Monte Pinto.

A néboa arremuiñouse arredor da Vixía, coma obedecendo.

—A chamada que recibiches era un aviso —continuou—. O teu poder está despertando. Se non o controlas, podería ferirte ou ferir a outros. Tiñas que vir, pero non aínda

Carmen sentiu un formigueo quente no brazo dereito. A palma comezou a brillar lixeiramente cun patrón circular, semellante ao remuíño. A luz non queimaba: era calmante, familiar.

—¿E agora? —preguntou, case nun murmuro.

—Agora aprenderás. Eu guiareite cando o precises. Non estarás soa.

A néboa abriu un camiño claro ata onde estaba a súa clase, completamente allea a todo o sucedido. A Vixía fixo un xesto coas mans e comezou a esvaecerse, converténdose outra vez en vapor transparente.

—Carmen —dixo un segundo antes de desaparecer, sen darlle tempo a Carmen a réplicas—. Todo comeza hoxe.

A moza quedou uns segundos inmóbil, intentando ordenar aquilo na súa cabeza. Finalmente deu un paso cara o camiño. Despois outro. E outro máis. Cando chegou onde estaba o grupo, Iria preguntoulle:

—¿Onde te meteras? Pensei que te perderas.

Carmen inspirou fondo. A néboa parecía responder, afastándose suavemente.

—Non —respondeu cunha pequena e nova seguridade—. Só estaba aprendendo a mirar o monte doutra maneira.

Dixo cun crecente sentimento de orgullo no peito, sentíndose por unha vez importante e responsabe de algo.

Fin